

19

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

7 ou máis participantes
20 minutos

Xogo de roda

Comunicación: escoita activa e vocabulario

O MÁIS IMPORTANTE NON É A PITUFA

MATERIAIS

Non precisa materiais

ESPAZO

Espazo para estar sentados/as en roda.

DESCRICIÓN

Un voluntario sae do grupo e o resto concorda mudar unha palabra. Logo a persoa que saíu debe adiviñar o sentido figurado da palabra. Para isto o grupo debe preparar ata un máximo de sete frases. Por exemplo, no canto de dicir “cartos” poden dicir “pitufa”, e frases como: “Meu tío volveu de América cheo de pitufa”, “Se vas á tenda sen pitufa, vés de volta sen nada”, “Hoxe en día todo se fai por pitufa”...

